



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIONES DIRECTAS TRAMITADAS POLA PRESIDENCIA (SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO - SECCIÓN DE FOMENTO) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2022

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dáse publicidade ás subvencións directas excepcións tramitadas pola Presidencia (Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento) da Deputación Provincial de Lugo, no cuarto trimestre do ano 2022:

ÁREA PES (2020-2022)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPO SUBV.	OBXECTO / ACTIVIDADE	APLIC. ORZ	IMPORTE SUBV	Nº ANOS	ÓRGANO DE APROBACIÓN
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACIÓN CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DEL BARRIO DE SAN ANTONIO DE PADUA	G27427905	Excepcional	San Antonio de Padua, o barrio que loitapolaaccessibilidade	9250.48911	2.000,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	COMUNIDAD DE USUARIOS DE AGUA DE LLADAIRO	G01844968	Excepcional	Aproveitamento da auga do manantial da Fonte da Valiña Forcada	1720.789	5.297,20 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "O SALGUEIRIÑO" DE GOMEÁN	G27204833	Excepcional	Feira de Ano de Gomeán	9250.48911	3.920,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	CENTRO DE INICIATIVAS Y TURISMO CLUB FLUVIAL DE BEGONTE	V27030840	Excepcional	Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte	9250.78955	52.287,91 €	1	Xunta de Goberno
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	FUNDACIÓN XOSÉ SOTO DE FIÓN	G27224245	Excepcional	Excavación arqueolóxica e conservación do Castro de Arxeriz	9250.789	39.000,00	1	Xunta de Goberno
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN VICENTE DE CUBELAS	G27105840	Excepcional	Concerto pop-rock da I comida de produtos da horta e gandería do rural de Ribadeo	9250.48911	1.700,00	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	XUNTANZA DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE CATALUNYA	G66248659	Excepcional	Unhaxeración. Dous mundos (Homenaxe da galegüidade comprometida de Catalunya 1970-2020)	9250.48911	10.000,00	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACIÓN DE CABALEIROS DE ESCAIRÓN	G27475300	Excepcional	Espectáculo de doma equestre	9250.48911	3.000,00	1	Presidencia

Lugo, 20 de xaneiro de 2022.- “O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, PabloRivera Capón.

R. 0185

CONCELLOS

QUIROGA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DAS TAXAS POLO ABASTECIMENTO DE AUGA, REDE DE SUMIDOIROS E RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DO LIXO - ECOTAXA

O pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 25 de novembro de 2022, aprobou a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas polos servizos de:

- Abastecemento de auga.
- Rede de sumidoiros.
- Recollida, tratamento e eliminación do lixo - Ecotaxa.

Exposto ao público o acordo provisional, mediante anuncio no BOP de Lugo nº 276, de data 02 de decembro de 2022, non se presentaron alegacións, elevándose a definitivo, cuxos textos íntegros se fan públicos en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, aos efectos da súa entrada en vigor.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA

Os artigos 3, 4 e 5 da Ordenanza fiscal quedarán redactados como segue:

ARTIGO 3. -Contía da Taxa:

3.1.- A contía da taxa reguladora nesta Ordenanza será a fixada na táboa seguinte:

1) COTAS DE CARÁCTER FIXO		
a) Altas, baixas e cambios de titularidade:		
Altas no servizo, vivendas en xeral	128,48 €	
Altas para obras (edificios ata 10 vivendas)	648,57 €	
Altas para obras (edificios de máis de 10 vivendas)	969,74 €	
Baixa no servizo	13,23 €	
Cambios de titularidade (Exención transmisión de 1º e 2º grado, falecemento titular e aluguer)	128,48 €	
b) De carácter periódico		
Mínimo de consumo	Non establecido	
Cota de servizo	6,6166 €	Trimestral
2) COTAS DE CARÁCTER VARIABLE		
a) Abastecemento para usos doméstico e industrial:		
Dende 0 a 23 m ³	0,2800 €	m ³
Dende 24 a 38 m ³	0,4198 €	m ³

Dende 39 a 60 m ³	0,7702 €	m ³
Máis de 60 m ³	1,7504 €	m ³
c) Saneamento usos doméstico e industrial:		
Aplicación da normativa da Xunta de Galicia.		
3) OUTRAS COTAS		
Aboados sen contador ou co contador avariado:		
Usos domésticos	84,02 €	Trimestral
Usos comerciais/industriais	192,72 €	Trimestral
Construcións/obras	589,62 €	Trimestral

Artigo 4. Obrigación de pago.

1. A obrigación de pago da taxa regulada nesta Ordenanza, nace dende que se inicie a prestación do servizo, e a súa facturación e cobro realizarase coa periodicidade trimestral.
2. O pago de dito prezo público efectuarase no momento da prestación, ao obrigado a realizalo no correspondente recibo.
3. As débedas por esta taxa poderá esixirse polo procedemento administrativo de prema de acordo co Regulamento Xeral de Recadación.
4. Os contadores deberán colocarse en lugar visible co obxecto de que o persoal encargado da lectura poida atopar os mesmos sen intervención dos habitantes da vivenda e efectuar a lectura para a confección correcta dos padróns. A infracción poderá sancionarse coas multas previstas na lexislación de réxime local previa incoación de expediente.
5. Nos meses de verán (xullo, agosto, setembro e outubro), os consumos excesivos penalizaranse.

Artigo 5. Exencións:

Quedan exentos do pago da cota do enganche, previa xustificación técnica, todos aqueles núcleos rurais nos cales os veciños ou comunidades de veciños contribuíran a levar a cabo dito abastecemento.

Así mesmo, declárase a exención das cotas por transmisión de titularidade nos seguintes casos:

- Transmisión entre persoas con parentesco en 1º e 2º grado de consanguinidade.
- Transmisión por causa de falecemento do titular.
- Transmisión por aluguer.

1) ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS

O artigo 5 da Ordenanza fiscal quedará redactado como segue:

Artigo 5º.-cota tributaria.

- 1) A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade de 72,82 €.
- 2) A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de sumidoiros e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada.

A tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas:

COTAS TRIBUTARIAS		
a) De carácter fixo (Altas):		
Autorización de acometida		72,82 €
b) De carácter periódico		Ud.
Vivendas e locais non destinados a vivenda	m ³	0,0993 €

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DO LIXO - ECOTAXA

O apartado 2º do artigo 6º da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa de recollida, tratamento e eliminación de lixo - ECOTAXA, quedará como segue:

2. A tal efecto aplicaranse as cotas indicadas no cadro adxunto. A tarifación e pagamento de todas as cotas fixadas nesta ordenanza reguladora de recollida, tratamento e eliminación do lixo, será trimestral:

1) vivendas	
Por cada vivenda (a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez andares)	5,94 €
2) aloxamentos	
Hoteis, moteis, pensións e demais establecementos de natureza análoga	33,95 €
3) establecementos de alimentación	
Supermercados, Economatos e Cooperativas	33,95 €
Almacéns por xunto de froitas, verduras e hortalizas	18,85 €
Peixería, carnicerías e semellantes	14,99 €
4) establecementos de restauración	
Restaurantes	52,81 €
Cafeterías, bar e tabernas	13,19 €
Whiskerías e Pubs	33,95 €
5) establecementos de espectáculos	
Salas de festas e discotecas	32,91 €
6) outros locais comerciais ou mercantís	
Centros oficiais e oficinas bancarias	56,56 €
Talleres e concesionarios	33,95 €
Demais locais non expresamente tarifados	11,31 €
Vivendas e local de negocio	14,99 €
7) despachos profesionais	
Por cada despacho	11,31 €
8) vivenda fóra do casco urbano	
Por cada vivenda illada que se atope fora do casco urbano de Quiroga e fora dos núcleos rurais en xeral. (Incluída a Ecotaxa)	13,87 €
9) tratamento e eliminación de residuos (ecotaxa)	
Ecotaxa	13,87 €

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Quiroga, 19 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 0186

RÁBADE

Anuncio

Elevado a definitivo, por non seren presentadas reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2022, no que se aprobou provisionalmente a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación dos servizos de auga, alcantarillado, saneamento e depuradora do Concello de Rábade, en cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o acordo de aprobación e o texto íntegro das Ordenanzas.

Contra o referido acordo, que é firme en vía administrativa, pode interpoñerse no prazo de dous meses a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras de dita xurisdición.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.

NATUREZA FUNDAMENTO

ARTIGO 1

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas no previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2

Constitúe un feito impoñible da Taxa á prestación do servizo de subministro de auga potable a domicilio, a petición do interesado.

SUXEITO PASIVO

ARTIGO 3

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas ou locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso de precario.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

RESPONSABLES

ARTIGO 4

Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os arts. 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 5

O abastecemento de augas potables a este municipio, é un servizo municipal, de conformidade coas prescricións vixentes, explotándose por conta e beneficio do Concello ou no seu caso por xestión indirecta, mediante concesión administrativa.

A taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no Padrón correspondente, podendo prorratearse por meses.

Se se utiliza o servizo sen mediar solicitude, darase de alta de oficio no correspondente Padrón, liquidarase e notificarase ós interesados polo período non declarado, sen prexuízo das sancións e recargos que procedan.

Unha vez producida a alta no correspondente Padrón, a liquidación desta taxa farase por procedemento de Padrón ou matrícula.

A cobranza efectuarase mediante recibos bimestrais

OBRIGACIÓN DE PAGO

ARTIGO 6

A Taxa regulada nesta Ordenanza é esixible no momento que se inicie a prestación do servizo.

Establecido e estando en funcionamento o referido servizo, a Taxa abonarase o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, ou no seu caso, na data na que comece a prestación do servizo.

DECLARACIÓN DE ALTA E BAIXA

ARTIGO 7

Os obrigados ó pago formularán as declaracións de alta nos Censos ou Padróns da Taxa e producirá efectos no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

Os obrigados ó pago formularán as declaracións de baixa no censo ou Padrón da Taxa e producirá efectos no período seguinte ó de presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

NORMAS PARA O SUBMINISTRO

ARTIGO 8

Elaborarase un Regulamento que terá por obxecto establecer as normas respecto ó servizo de subministro de auga potable.

CONTÍA

ARTIGO 9

A contía da taxa, regulada nesta Ordenanza, será a fixada na Tarifa seguinte:

TARIFA:

A) ABOADOS DOMÉSTICOS

- Cota de servizo (fixa mensual) 2,08 /abon. mes

- Consumo

1º bloque menos de 14 m³/ab.bim 0,25 €/m³

2º bloque 14 a 30 m³/ab.bim 0,50 €/m³

3º bloque 31 a 60 m³/ab.bim 0,67 €/m³

4º bloque máis de 60 m³/ab.bim 0,99 €/m³

B) ABOADOS COMERCIAIS, INDUSTRIAIS E OBRAS

- Cota de servizo (fixa mensual) 37,36 €/abon. mes

- Consumo

1º bloque 0 a 30 m³/ab.bim 0,67 €/m³

2º bloque 31 a 60 m³/ab.bim 0,88 €/m³

3º bloque máis de 60 m³/ab.bim 1,11 €/m³

C) DEREITOS DE ENTRONQUE.

A efectos da presente ordenanza enténdese por dereitos de entronque a primeira alta no servizo para cada vivenda ou local e o seu entronque na rede de abastecemento, que será requirida por unha sola vez. Pola contra, enténdese por alta, cada unha das sucesivas altas e cambios de titularidade que no seu caso se produzan ao longo da vida do servizo.

USO DOMÉSTICO. 99,64 €

USO INDUSTRIAL. 249,06 €

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

ARTIGO 10

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na Taxa.

DEVENGO**ARTIGO 11**

Abonarase a Taxa e nace a obriga de contribuír desde que teña lugar a prestación do servizo mediante xiros bimestrais.

ENTRADA EN VIGOR**ARTIGO 12**

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 21 de novembro de 2022, entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2023, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. En cumprimento co artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais no artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**FUNDAMENTO E NATUREZA****Artigo 1:**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa de REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE**Artigo 2:**

1. Constitúe o feito imponible da Taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á Rede de Sumidoiros e Depuración de Augas Residuais Municipais.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipais.
- c) A prestación do Servizo de Depuración de Augas Residuais vertidas a través da rede de sumidoiros.

SUXEITO PASIVO**Artigo 3:**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan:

- a) Cando se trate da concesión da licenza de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios destes servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, que poderá repercutir no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

RESPONSABLES**Artigo 4:**

1. Responderán solidariamente das obrigacións do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

COTA TRIBUTARIA**Artigo 5:**

1. A Cota tributaria correspondente a concesión da licencia o autorización da acometida a rede de saneamento esixirase por unha soa vez e consistirá nunha cantidade fixa de:

DOMESTICO: 99,64 €

INDUSTRIAL: 249,06 €

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de saneamento e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

A tal efecto aplicarse a seguinte Tarifa:

TARIFA**SERVICIO DE SANEAMENTO****Abonados domésticos**

- Cota de servizo (fixa mensual) 2,50 €/abon. mes

- Consumo en abastecemento

1º bloque menos de 14 m³/ab.bim 0,25 €/m³

2º bloque 15 a 30 m³/ab.bim 0,50 €/m³

3º bloque 31 a 60 m³/ab.bim 0,67 €/m³

4º bloque máis de 60 m³/ab.bim 0,99 €/m³

Abonados comerciais, industriais e obras

- Cota de servizo (fixa mensual) 4,14 €/abon. mes

- Consumo en abastecemento

1º bloque de 0 a 30 m³/ab.bim 0,67 €/m³

2º bloque 31 a 60 m³/ab.bim 0,83 €/m³

3º bloque máis de 60 m³/ab.bim 1,24 €/m³

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**Artigo 6:**

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente taxa.

DEVENGO**Artigo 7:**

1. Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible, entendéndose a mesma:

A) Na data de presentación da oportuna solicitude da licencia de acometida, si o suxeito pasivo o formulase expresamente.

B) Desde que teña lugar efectiva a acometida a rede de saneamento municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se houberse obtido o non a licencia de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poda instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista saneamento, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a Taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuara a acometida a rede.

DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO**Artigo 8:**

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán ás declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da Taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partires da primeira declaración que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación de ditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no Censo farase de oficio unha vez concedida a licenciade a acometida a rede.

2. As cuotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministro e consumo de auga. Mediante recibos bimestrais.

3. No suposto de licencia de acometida o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios de este Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 21 de novembro de 2022, entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2023, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. En cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

Rábade, 20 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0187

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decretos da Alcaldía de data 09/01/2023 e 20/01/2023 os Padróns do SAF dos meses de novembro e decembro 2022 e do Servizo de recollida de lixo rural do 4º Trimestre de 2022, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 20 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 0188

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 05.01.2023, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **DECEMBRO/2022**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como período de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos,5 de de xaneiro de 2023.- ALCALDE PRESIDENTE, D. Julio Gallego Moure.

R. 0189

VILALBA

Anuncio

Procedemento: Declaracións de Ruína

Número de expediente: 267/2023

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial da Provincia relativo ao inicio ao procedemento de declaración de ruína urbanística

Por Decreto de Alcaldía de data do 20/01/2023 e código 2023-0021 procedeuse á incoación dun expediente de ruína urbanística do inmovible coas seguintes características básicas:

Referencia catastral	<u>7251113PH0975S0001TD</u>
Localización	Rúa da Pravia n.º 35 Vilalba, Lugo

Considerando que o acto ten unha pluralidade indeterminada de interesados e de conformidade co artigo co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, publícase o presente edicto para que, os que se consideren interesados no procedemento, presenten presenten por escrito os documentos e xustificacións que estimen pertinentes en defensa dos seus respectivos dereitos, no prazo dun mes dende a publicación do presente anuncio no Boletín oficial da provincia de Lugo

Vilalba, 20de xaneiro de 2023.-A Alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 0190

VIVEIRO

Anuncio

Por medio da presente procédese á publicación do texto íntegro da ORDENANZA REGULADORA DO USO, CONSERVACIÓN E PROTECCIÓN DOS VIAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIVEIRO do Concello de Viveiro, elevándose a definitivo o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno da Corporación en data 5 de abril de 2022, toda vez que non se presentou reclamación ou alegación algunha no prazo de exposición ao público:

ORDENANZA REGULADORA DO USO, CONSERVACION E PROTECCION DOS VIAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIVEIRO

Exposición de motivos.

O Concello de Viveiro redacta a presente ordenanza municipal que contempla as bases dunha actuación administrativa orientada a evitar o risco de menoscabo do patrimonio público dos viais de titularidade municipal e a asegurar a protección dos mesmos, servindo de instrumento para o exercicio das funcións de policía e prerrogativas que ao Concello lle corresponden.

Esta ordenanza realízase en virtude das facultades que conceden os artigos 4, 25 d) e 84 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; artigo 3 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e artigos 6, 28 e 29 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Esta ordenanza dítase en virtude da potestade regulamentaria das entidades locais, para a protección de todos os viais de titularidade municipal, tanto os incluídos no ámbito de aplicación da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, en desenvolvemento dos mesmos, como do resto de viais. No non previsto na presente ordenanza, e para os viais aos que resulte de aplicación, estarase ao disposto na normativa autonómica referida en materia de estradas. Tamén se estará ao disposto en dita normativa para os supostos en que na mesma se establezan restricións superiores ás previstas na presente ordenanza. No caso de que na normativa urbanística se establezan limitacións, restricións ou obrigacións que resulten máis restritivas estarase ao disposto na mesma. No caso de que se produza contradición do presente articulado con normas de rango superior estarase ao disposto na normativa de rango superior, a excepción das maiores limitacións, restricións ou obrigacións que estableza a presente ordenanza.

CAPITULO I.- Principios Xerais

Artigo 1: Obxecto.

O obxecto da presente ordenanza é establecer a regulación do uso, conservación e protección de todos os viais públicos de titularidade municipal que discorren polo termo do Concello de Viveiro, con independencia das súas dimensións e características.

Serán considerados viais municipais, aos efectos da presente ordenanza, todos os viais reflectidos no Inventario Municipal de Bens.

Artigo 2: Definición.

Para os efectos da presente ordenanza, os viais públicos de titularidade municipal clasifícanse en viais rústicos e viais urbanos, establecéndose as seguintes definicións:

Viais rústicos de titularidade municipal: Son viarios rústicos de titularidade municipal, aos efectos da presente ordenanza, aquelas vías de comunicación que facilitan a comunicación directa entre os diferentes núcleos, parcelas ou paraxes do municipio e que serven fundamentalmente aos fins propios da agricultura, gandería, forestal e outras actividades industriais, recreativas e outros calquera acordes coa súa natureza. Serán considerados viais rústicos de titularidade municipal os viais ou tramos de viais que NON DISCORRAN por solo clasificado urbanisticamente como urbano ou de núcleo rural, cando neste último se conte con aliñacións marcadas polo planeamento.

Viais urbanos de titularidade municipal: Son viarios urbanos de titularidade municipal, aos efectos da presente ordenanza, aqueles que serven de comunicación entre as distintas zonas do ámbito urbano, e que DISCORRAN por solo clasificado urbanisticamente como urbano ou de núcleo rural, cando este último, conte con aliñacións marcadas no plan urbanístico, en caso contrario tamén serán de aplicación estas limitacións en solo de núcleo rural.

Artigo 3: Características.

Os viais urbanos están formados pola calzada e, no seu caso, beiravía, beirarrúa, zonas verdes ornamentais e espazos urbanizados adxacentes, así como por todos os seus elementos funcionais. Pertencen ao vial os elementos construtivos que forman parte dos mesmos (como soleiras e pavimentos), instalacións e canalizacións dos servizos públicos de competencia municipal que discorran tanto polo subsolo como aéreas, elementos de protección, sinalización, ornamentación, báculos de iluminación pública así como calquera outro elemento funcional situado nas zonas que forman o vial. Teñen a consideración de bens de uso e dominio público e en consecuencia, son inalienables, imprescriptibles e inembargables.

Os viais rústicos están formados pola calzada e, no seu caso, beiravía, beirarrúa, cunetas e marxes ou zonas verdes ornamentais, así como por todos os seus elementos funcionais. Pertencen ao vial os elementos construtivos que forman parte dos mesmos (soleiras, pavimentos, cunetas, obras de fábrica, etc), instalacións e canalizacións dos servizos públicos de competencia municipal que discorren tanto polo subsolo como aéreas, elementos de protección, sinalización, ornamentación, báculos de iluminación pública, terreos de servizo, así como calquera outro elemento funcional situado nas zonas que forman o vial. Teñen a consideración de bens de uso e dominio público e en consecuencia, son inalienables, imprescriptibles e inembargables.

Para os efectos da presente ordenanza, as prazas públicas consideraranse equivalentes aos viais urbanos. Así mesmo formarán parte dos viais, independentemente da súa clasificación, todos os elementos funcionais que o compoñan.

CAPITULO II.- Dominio público viario.

Artigo 4: Natureza xurídica.

Os viais públicos de titularidade municipal son bens de dominio e uso público, polo que son inalienables, imprescriptibles e inembargables. Derivan da titularidade dos mesmos as potestades de defensa e recuperación. As detenciones carecerán de valor fronte á titularidade pública, con independencia do tempo transcorrido.

A zona de dominio público dos viais urbanos está formada pola calzada e, no seu caso, beiravías, beirarrúas, zonas verdes ornamentais e espazos urbanizados adxacentes, ata a liña límite de edificación, marcada polo plan urbanístico, así como todos os seus elementos funcionais.

A zona de dominio público dos viais rústicos está formada por calzada e, no seu caso, beiravía, beirarrúas, cunetas e marxes ou zonas verdes ornamentais, así como todos os seus elementos funcionais.

Tamén se considerarán parte dos viais as zonas lindeiras aos mesmos que foron obxecto de cesión ao Concello.

Así mesmo formarán parte dos viais, independentemente da súa clasificación, todos os elementos funcionais que o compoñan.

As dimensións exactas dos viais serán as que presente fisicamente cada vial in situ. O ancho establecido no Inventario de Bens Municipais considerárase un ancho medio, a excepción dos viais sobre os cales se teña realizado o correspondente expediente de deslinde; neste suposto deberán rexer as dimensións froito do devandito expediente.

CAPÍTULO III.- Prohibicións e limitacións de actuacións por parte de terceiros nos viais públicos municipais

Sección Primeira.- Prohibicións

Artigo 5.- Prohibicións xerais

- a) O peche de viais.
- b) Producir danos ou deterioros nos viais.
- c) Arrojar sobre os viarios entullos, lixos, obxectos, líquidos ou refugallos de calquera tipo, así como verter xurros, terras, saburras, herbas ou calquera outra clase de material ou residuo.
- d) As accións que supoñan un impedimento para o libre tránsito de persoas ou vehículos.
- e) Invadir a zona de dominio público do vial con chanzos, ramplas, bolardos, empalizadas, pedras, bordos, plantacións arbóreas ou calquera outro elemento.
- f) Desviar, canalizar ou obstaculizar o curso natural das augas, así como provocar obturacións por accións inadecuadas nas cunetas, salva cunetas, pasos de auga, sumidoiros, canalizacións, reixas ou elementos análogos existentes nos viais.
- g) Labrar, modificar, obstruír e/ou eliminar as cunetas.
- h) Non respectar a rede de desaugadoiros.
- i) Realizar desaugadoiros de augas fecais aos viais públicos municipais.
- j) Realizar desaugadoiros de augas pluviais en todos aqueles viais que posúan rede separativa.
- k) Circular arrastrando obxectos de calquera tipo.
- l) Quitar, danar ou desprazar a sinalización viaria fixa ou eventual, a sinalización informativa ou os elementos funcionais do vial.
- m) Modificar a localización do mobiliario urbano existente sen previa autorización.
- n) A actividade de publicidade nos viais públicos municipais fóra de paneis de información e sinalización que autorice o Concello.
- ñ) Os labores agrícolas nas zonas ataludadas que puidesen producir o desmonte do terraplén.
- o) Colocar ou amontoar nos viais, nas cunetas e na zona de protección, materiais, terras, madeira ou outros obxectos que dificulten o tránsito, a circulación e a evacuación de forma natural das augas.
- p) Queimar calquera tipo de residuo agrícola tanto na zona de dominio público como na zona de protección.
- q) Circular con vehículos de peso superior ao establecido nos correspondentes sinais de tráfico.
- r) Realizar apertura de portas ou portalóns cara ao exterior de edificacións, invadindo o barrido das portas o vial.
- s) Realizar usos especiais dos viais sen previa autorización.
- t) Calquera acto que menoscabe a liberdade de movemento dos usuarios ou que supoña un uso abusivo dos viais.
- u) Realizar calquera outra actividade que, non estando enumerada nos apartados anteriores, supoña unha actuación contraria ao uso común normal do vial.

Sen prexuízo das sancións que en cada caso procedan, o infractor deberá reparar o dano causado e adoptar as medidas necesarias para eliminar o efecto da infracción. Así mesmo, ante a inactividade no prazo fixado do declarado responsable, o Concello poderá, subsidiariamente, proceder á reparación por conta do infractor e á conta do mesmo.

Sección Segunda.- Prohibicións para a realización de obras ou actuacións nos viais públicos municipais.

Co fin de garantir a funcionalidade do sistema viario, evitando os conflitos na ocupación de calquera parte que conforma os viais, así como impedir actuacións que vaian en detrimento do bo funcionamento, a seguridade e o dereito ao uso e goce por todos os cidadáns, á vez que se asegura a existencia dunhas condicións de estética adecuadas, establécense, a maiores das comprendidas en calquera normativa sectorial que resulte de aplicación, prohibicións a actuacións dos particulares nos viais públicos municipais.

Artigo 6.- Prohibicións nos viais urbanos

6.1.- Prohibese a modificación, alteración ou realización de obras nos viais urbanos.

6.2.- Quedan exceptuadas desta prohibición as seguintes obras e actuacións:

- Obras para o acceso a inmobles en virtude de autorización de vao.

Estas obras deberán contar coa oportuna licenza ou comunicación previa urbanística e axustarse á mesma, cumprindo, entre outras, coas normativas de accesibilidade vixentes. Estas actuacións deberán cumprir así mesmo co disposto na correspondente ordenanza de vaos. En ningún caso se entenderá como actuación de vao o recrecido da beirarrúa, a creación de ramplas ascendentes ou descendentes sobre a beirarrúa, a modificación das pendentes iniciais do pavimento ou calquera outro tipo de actuación que altere as características físicas da beirarrúa existente, fóra das actuacións que expresamente se contemplen na ordenanza de vaos, debendo en todo caso axustarse ao disposto na devandita ordenanza. O título urbanístico que se outorgue para estas actuacións esixirá o cumprimento do disposto na ordenanza de vaos. Transitoriamente, en tanto non se aprobe a ordenanza municipal de vaos, unicamente se permitirá a realización por particulares, en virtude de autorización de vao, de obras do rebaxe do borde da beirarrúa, sen alterar as características físicas da beirarrúa existente, que deberán contar para o efecto coa oportuna licenza ou comunicación previa urbanística e axustarse á mesma.

- Obras para a realización de entroncamentos á rede de abastecemento de auga ou saneamento, rede de pluviais, rede de subministración eléctrica, gas, telecomunicacións, ou outros servizos públicos.

Estas obras deberán contar coa oportuna licenza ou comunicación previa urbanística, e axustarse á mesma, así como ás normativas sectoriais que lles resulten de aplicación.

Unha vez realizado o entroncamento deberá repoñerse o vial ao seu estado orixinal, mantendo as liñas de rasante, acabados, formas, dimensións e pendentes existentes previo ao comezo das obras, cumprindo co disposto na presente ordenanza; obrigación que deberá constar expresamente no título urbanístico. De producirse algunha deterioración nalgún servizo existente durante o desenvolvemento da obra na zona de actuación, este será posto en coñecemento do servizo en cuestión e procederase á súa reposición segundo as directrices do mesmo. A execución das obras deberá coordinarse cos concesionarios de servizos aos que se pretende realizar o entroncamento, Os concesionarios e titulares de servizos e os servizos técnicos municipais poderán realizar as visitas e inspeccións que consideren necesarias, así como marcar durante a execución das obras as directrices que consideren oportunas ao obxecto de salvagardar os bens de dominio público e servizos públicos. Será responsabilidade do propietario o mantemento e conservación dos entronques realizados.

Aos efectos do disposto na presente Ordenanza considerarase entronque a canalización realizada dende a propiedade ata o vial ao que dea fronte a parcela. De non existir rede no vial fronte á parcela, dende ese punto ata o lugar de conexión, aos efectos da presente ordenanza considerarase obras de canalización para a extensión da rede existente. En todo caso, no suposto de que a 5 metros ou menos da fronte da parcela exista pozo, o entronque deberá conectarse directamente ao pozo existente, mantendo a consideración de entronque.

- Obras para a realización de instalacións subterráneas.

Consideraranse como instalacións todos aqueles elementos que formen parte das instalacións subterráneas de abastecemento de auga ou saneamento, rede de pluviais, rede de subministración eléctrica, gas, telecomunicacións, ou outros servizos públicos, incluíndo as canalizacións, pozos, reixas, arquetas de rexistro e calquera outro elemento que forme parte destas instalacións.

Estas obras deberán contar coa oportuna licenza ou comunicación previa urbanística e axustarse á mesma así como ás normativas sectoriais que lles resulten de aplicación. Unha vez realizada a instalación deberá repoñerse o vial afectado ao seu estado orixinal, mantendo as liñas de rasante, acabados, formas, dimensións e pendentes existentes previo ao comezo das obras, cumprindo co disposto na presente ordenanza; obrigación que deberá constar expresamente no título urbanístico.

A execución de obras de instalacións de canalizacións subterráneas para abastecementos de auga, saneamento ou pluviais en viais urbanos conlevará a cesión da titularidade ao Concello do tramo que discorra pola zona de dominio público do vial. Para o outorgamento do título urbanístico para a execución da obra será necesaria a presentación, a maiores da documentación necesaria segundo a normativa urbanística vixente, de planimetría na que se grafie claramente o tramo que discorrerá polo vial, achegando documentación na que se defina o trazado en planta e sección da canalización e manifestando expresamente a cesión ao Concello do devandito tramo; o departamento de urbanismo deberá comprobar, na tramitación do título urbanístico, que se cumpre con este requisito.

Este tipo de canalizacións discorrerán prioritariamente, de existir, baixo a cuneta, beiravía ou beirarrúa. Só se poderán dispoñer pola zona de rodadura cando non resulte posible a súa execución pola beirarrúa, cuneta ou beiravía. Cruzaranse os viais coas referidas canalizacións unicamente canto resulte estritamente necesario.

Antes do inicio das obras realizaranse as catas necesarias para a localización exacta dos posibles servizos existentes na zona para os efectos de non interferencia cos mesmos; obrigación que deberá constar de forma expresa no correspondente título urbanístico.

O titular da licenza ou comunicación previa, unha vez realizadas as catas, terá a obrigación de poñerse en contacto cos titulares dos servizos localizados na zona de actuación, tanto municipais como externos, para os efectos de que teñan constancia da existencia de obras de canalización e instalación na devandita zona, e poidan realizar as visitas e inspeccións que consideren necesarias. Os concesionarios e titulares de servizos e os servizos técnicos municipais poderán realizar as visitas e inspeccións que consideren necesarias, así como marcar durante a execución das obras as directrices que consideren oportunas ao obxecto de salvagardar os bens de dominio público e servizos públicos.

- Obras para a realización de accesos a parcelas.

Estas obras deberán contar coa oportuna licenza ou comunicación previa urbanística e axustarse á mesma así como ás normativas sectoriais que lles resulten de aplicación.

A execución destas obras deberá realizarse mantendo, en todo caso, o volume de capacidade de recollida de augas da cuneta onde se executen, debendo cumprir coa norma UNE 135126:2019 e non afectar ao firme do vial. O acceso deberá dotarse en todo caso con paso salvacunetas de diámetro interior superior a 30 cms en caso de tubos de pvc e superior a 40 cms en caso de tubos de formigón. A parte superior do acceso deberá realizarse de tal forma que impida que as augas proveñentes do acceso se deslicen ao vial. Non poderán situarse en zonas nas que o xiro para entrada ou saída de parcelas poida implicar risco na seguridade do tráfico, de conformidade co disposto na normativa autonómica de estradas que resulte de aplicación e na normativa en materia de seguridade viaria. A tramitación do título urbanístico requirirá previo informe favorable da Policía Local no que respecta á posibilidade de executar o acceso solicitado en materia de seguridade viaria.

Todos os gastos de construción, mantemento e substitución dos accesos a parcelas correrán a cargo dos beneficiarios dos mesmos. Tamén correrán a cargo dos beneficiarios as adaptacións que sexan necesarias en ditos accesos que deriven dos posibles recrecidos dos viais producidos como consecuencia da execución de obras municipais de reposición ou mellora de viais.

- Actuacións para acceso a edificacións dende os viais públicos.

As actuacións para garantir a accesibilidade no acceso a edificacións dende os viais públicos deberán ser executadas fóra do dominio público, co fin de non modificar a morfoloxía do vial público. En todo caso, para garantir a accesibilidade permitirase a colocación de elementos de carácter non permanente, que serán colocados unicamente no momento do acceso, debendo posteriormente ser retirados do dominio público.

- Obras de urbanización realizadas por particulares en execución das obrigacións previstas na normativa urbanística

Estas obras deberán suxeitarse aos condicionantes urbanísticos que correspondan, executándose de conformidade co disposto na correspondente licenza urbanística.

Os materiais para utilizar deberán ser iguais aos existentes nas zonas próximas urbanizadas; este condicionante deberá deixarse constar expresamente no correspondente título urbanístico. Se á hora da execución das obras de urbanización, algún material se atopase descatalogado, a actuación realizarase con materiais similares, previamente dado o visto e prace polo Departamento de Obras do Concello (para o que o particular, no seu caso, deberá comunicar esta circunstancia ao Concello).

- Obras para o mantemento, conservación e/ou arranxo dos entronques e instalacións ou canalizacións existentes.

Estas obras deberán contar coa oportuna licenza ou comunicación previa urbanística, e axustarse á mesma, así como ás normativas sectoriais que lles resulten de aplicación.

